

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) PARA IMPULSAR OS PROGRAMAS DE POSICIONAMENTO EUROPEO, A REDE DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN E O PROXECTO GALICIA 2030 NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Consellería) ten previsto formalizar coa Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración, para o período 2024-2026, entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a FEUGA para executar accións destinadas a impulsar e consolidar un programa conxunto de posicionamento da I+D+i universitaria e novas accións de apoio ao Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Concretamente levarase a cabo a execución das seguintes accións:

ACCIÓN 1.- Posicionamento, promoción, divulgación e captación de proxectos europeos do SUG

ACCIÓN 2.- Soporte a Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS)

ACCIÓN 3.- Programa GESCI e GOSCI

ACCIÓN 4.- Seguimento e continuidade do proxecto Galicia 2030

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Estas accións esténdense ás tres universidades do SUG, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e, polo tanto, non sendo necesario promover a concorrência competitiva.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que é preciso detectar e explotar oportunidades de crecemento e mellora para o SUG promovendo que as universidades públicas galegas poidan participar en proxectos europeos e internacionais, fomentar liñas específicas de apoio aos centros de investigación, así como velar que a oferta académica da universidade se adecúe a esixencias do mercado laboral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe

